

Decreto.../2007, do, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece, no seu artigo 45, que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

A Comunidade Autónoma de Galicia estableceu o currículo do grao elemental das ensinanzas de música polo Decreto 253/1993, do 29 de xullo polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos ditos graos, en desenvolvemento do Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo dos graos elemental e medio das ensinanzas de música.

A experiencia acadada dende a promulgación do citado Decreto, xunto ao desenvolvemento da nova Lei de Educación, aconsella establecer un novo marco normativo para a ordenación académica das ensinanzas elementais de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é a de promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que lles permita acceder ao grao profesional.

Xa que logo, o presente Decreto establece o currículo do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, regula o acceso a estas ensinanzas, así como os requisitos mínimos dos conservatorios elementais de música e dos centros autorizados elementais de música no

relativo á relación numérica estudantes-profesorado, instalacións docentes e número de postos escolares.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día de,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Da finalidade e organización das ensinanzas elementais de música.

Artigo 1.- *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente decreto regula o currículo da ensinanza da música do grao elemental de acordo co establecido no artigo 48 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
2. Así mesmo, a presente disposición regula os criterios de ingreso ao grao elemental.
3. Este decreto ten igualmente a finalidade de establecer os requisitos mínimos dos conservatorios elementais de música e dos centros autorizados elementais de música no relativo á relación numérica estudantes-profesorado, instalacións docentes e número de postos escolares.
4. O presente decreto é de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, nos conservatorios de música e nos centros autorizados de música que contén coa autorización para a impartición do grao elemental de música.

Artigo 2.- Finalidade.

1. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é a de promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que lles permita acceder ao grao profesional.
2. A ensinanza da música no grao elemental organízase en catro cursos.

Artigo 3.- Obxectivos xerais.

O grao elemental das ensinanzas de música contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar e disfrutar a música das diferentes épocas e estilos, e para enriquecer as súas posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en sí mesmo para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e adaptarse harmónicamente ao conxunto.
- g) Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación dos futuros profesionais.

- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical galego como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Artigo 4.- *Especialidades das ensinanzas elementais de música.*

O currículo do grao elemental referirase a cada unha das seguintes especialidades:

Acordeón.

Baixo eléctrico.

Clarinete.

Clave.

Contrabaixo.

Fagote.

Frauta traveseira.

Frauta de bico.

Gaita.

Guitarra.

Guitarra eléctrica.

Harpa.

Instrumentos de puga.

Óboe.

Percusión.

Piano.

Saxofón.

Trombón.

Trompa.

Trompeta.

Tuba.

Viola.

Viola da gamba.

Violín.

Violoncello.

CAPÍTULO II

Do currículo

Artigo 5.- *Currículo*

1. As materias correspondentes a cada curso do grao elemental das distintas especialidades e os tempos lectivos son os que se establecen no anexo I do presente decreto.
2. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación para as distintas especialidades e materias das ensinanzas elementais de música, son os que se establecen no anexo II do presente decreto.
3. Dacordo co establecido no artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, os centros docentes concretarán e complementarán, dentro do proxecto educativo de centro, o currículo das ensinanzas de música do grao elemental mediante a elaboración de concreccións curriculares.
4. O proxecto educativo do centro incluirá, así mesmo, a distribución por cursos dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada materia. A dita distribución non deberá variar para un mesmo grupo de alumnado ao longo do grao.
5. O profesorado desenvolverá programacións da súa actividade docente dacordo co currículo e co proxecto educativo do centro.

Artigo 6.- *Materias que constitúen o currículo.*

As ensinanzas elementais de música organízanse nas materias seguintes:

1. Materias comúns a todas as especialidades:
 - a) Linguaxe musical.
 - b) Educación auditiva e vogal.
2. Materia específica de cada especialidade:
Instrumento.

CAPÍTULO III

Do acceso e matrícula.

Artigo 7.- Requisitos e proba de acceso.

1. Para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade.
2. O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente a avaliación das aptitudes musicais das e dos aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou a cumprir dentro do ano natural.
3. A proba para avaliar as aptitudes musicais incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:
 - a) Exercicio para avaliar a aptitude rítmica.
 - b) Exercicio para avaliar a aptitude auditiva e vogal.
 - c) Exercicio para avaliar a aptitude psicomotriz.
4. A realización destes exercicios efectuarase de xeito que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente.

Artigo 8.- Acceso a outros cursos.

1. Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superados os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outro curso do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes na especialidade solicitada.
2. Estas probas avaliarán, ademais das aptitudes e da idade idónea, a capacidade e os coñecementos dos alumnos e das alumnas para

continuar os estudos nas distintas especialidades instrumentais para as que se solicita a praza.

3. En todo caso, para o acceso aos distintos cursos do grao elemental a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou a cumprir dentro do ano natural.

Artigo 9.- *Cualificación das probas de acceso.*

1. As puntuacións definitivas obtidas polo alumnado nas probas de acceso a calquera dos cursos do grao elemental, axustaranse á cualificación numérica de 1 a 10, ata un máximo dun decimal, sendo necesario obter a cualificación de 5 puntos para superar a proba.
2. A superación da proba de acceso faculta, exclusivamente, para matricularse no curso académico no que fora convocada.
3. As puntuacións definitivas obtidas na proba de acceso serán as que determinen a matriculación do alumnado.

Artigo 10.- *Matriculación.*

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as normas de admisión e matrícula, así como as condicións dos traslados de centro.
2. No caso do alumnado que curse máis dunha especialidade, ou que cambie de especialidade durante o grao elemental, unicamente cursará as materias comúns por unha delas. Unha vez cursadas e superadas nunha especialidade, a cualificación obtida é válida para todas as especialidades.

Artigo 11.- *Matrícula excepcional.*

É competencia do Consello Escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte a aqueles alumnos ou alumnas que, previa orientación do profesorado, así o

soliciten, sempre que o informe da totalidade dos profesores do alumno ou da alumna, asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e do que aspira a acceder.

CAPÍTULO IV

Da avaliación, promoción, permanencia.

Artigo 12.- *Avaliación.*

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.
2. A avaliación no grao elemental levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.
3. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos ou alumnas será continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as distintas materias do currículo.
4. A avaliación, supervisada pola xefatura de estudos, será realizada polo conxunto do profesorado do alumno ou alumna coordinado polo profesor titor, actuando o profesor de maneira integrada ao longo do proceso de avaliación e na adopción de decisións resultantes do dito proceso.
5. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos ou alumnas como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.
6. Os resultados da avaliación final das distintas materias que componen o currículo expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco e negativas as inferiores a cinco.
7. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación negativa.

Artigo 13.- Promoción.

1. O alumnado promocionará de curso cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, nunha materia.
2. No suposto de que a materia pendente sexa de práctica instrumental, a recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte. No resto dos casos, o alumnado deberá asistir ás clases da materia non superada no curso anterior.
3. A cualificación negativa en dúas ou máis materias dun ou varios cursos impedirá a promoción do alumnado ao curso seguinte.
4. O alumnado que ao remate do cuarto curso tivera pendente de avaliación positiva dúas ou máis materias deberá repetir o curso na súa totalidade. Cando a cualificación negativa se produza nunha materia só será necesario que realice a materia pendente.
5. En relación co punto anterior, os centros poderán, segundo as súas dispoñibilidades, autorizar a asistencia do alumnado cunha materia pendente, como oínte, ás clases daquelas materias xa superadas.

Artigo 14.- Permanencia.

1. O límite de permanencia en cada curso de grao elemental será de dous anos, sen que en ningún caso os alumnos ou alumnas poidan permanecer máis de cinco anos no dito grao.
2. Con carácter excepcional, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar a ampliar nun ano a permanencia do alumnado no grao elemental, en supostos de enfermidade que perturbe substancialmente o desenvolvemento dos estudos ou outros supostos que merezan igual consideración.

CAPÍTULO V

Dos documentos de avaliación.

Artigo 15.- Documentos de avaliación.

1. Son documentos de avaliación das ensinanzas elementais de música o expediente académico personal, as actas de avaliación e os informes de avaliación individualizados.
2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, determinará as características e validez dos documentos de avaliación aos que fai referencia o punto anterior.

Artigo 16.- Certificado.

1. O alumnado recibirá, ao finalizar o grao elemental, un certificado do centro educativo no que consten os cursos e materias así como as cualificacións obtidas.
2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, determinará as características e validez da certificación á que fai referencia este artigo.

CAPÍTULO VI

Dos requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas de grao elemental de música.

Artigo 17.- Instalacións.

1. Con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes ao grao elemental de música impartiranse nos conservatorios elementais ou profesionais de música e nos centros autorizados elementais ou profesionais de música.

2. Os centros elementais de ensinanza de música deberán situarse en edificios independentes e contar, como mínimo, coas instalacións seguintes:
 - a) Unha sala polivalente cunha superficie mínima de 100 metros cadrados destinada, entre outros usos docentes e académicos, á ensinanza e actividades instrumentais e vogais de conxunto.
 - b) Unha superficie de 40 metros cadrados, como mínimo, destinada aos servizos de biblioteca, videoteca e fonoteca, acorde coas necesidades das especialidades que imparta o centro.
 - c) Un despacho de dirección.
 - d) Unha secretaría.
 - e) Unha sala de profesores de tamaño adecuado ao número de postos escolares autorizados e nunca inferior a 30 metros cadrados.
 - f) Aseos e servizos hixiénico-sanitarios en número adecuado á capacidade do centro, tanto para o alumnado como para o profesorado.
 - g) O número de aulas de ensinanza instrumental individual, cunha superficie mínima de 15 metros cadrados, que se precise para que, dacordo co horario de funcionamento do centro, o número de postos escolares e a relación numérica profesor/a-alumno/a poida garantirse o horario lectivo que se estableza no plan de estudos.
 - h) O número de aulas de ensinanza non instrumental, cunha superficie mínima de 25 metros cadrados, que se precise para que, dacordo co horario de funcionamento do centro, o número de postos escolares e a relación numérica profesor/a-alumno/a poida garantir o horario lectivo que se estableza no plan de estudos.

Artigo 18.- Postos escolares e ratio.

1. Os centros elementais de ensinanzas de música terán un mínimo de 80 postos escolares.
2. Os centros elementais de ensinanzas de música impartirán as especialidades que conforman, cando menos, unha familia instrumental.

3. A relación numérica máxima profesorado-estudantes nos centros elementais de ensinanza de música será:
 - a) Nas clases de ensinanza non instrumental, 1/15.
 - b) Nas clases de ensinanza instrumental individual, 1/1.

Disposicións adicionais.

Disposición adicional primeira. *Implantación do grao elemental e incorporación a este do alumnado que estea a cursar as ensinanzas reguladas polo Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño.*

1. En cumprimento co establecido no artigo 20 do Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, no ano académico 2007-2008 implantaranse os catro cursos do grao elemental e deixarán de impartirse as ensinanzas do grao elemental de música reguladas polo Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo dos graos elemental e medio das ensinanzas de música.
2. O alumnado procedente do plan de estudos regulado polo Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño, incorporárase ao curso que lle corresponda segundo a nova ordenación establecida neste decreto.

Disposición adicional segunda. *Equivalencia entre as ensinanzas do grao elemental e as reguladas polo Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño.*

1. En cumprimento co establecido no artigo 20 do Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as certificacións acreditativas do grao

elemental de música do plan de estudos regulado polo Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño, terán os mesmos efectos que as certificacións ás que fai referencia o artigo 16 do presente decreto.

2. A estes efectos, as equivalencias entre as ensinanzas do grao elemental recollidas neste decreto e as establecidas polo Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño, son as seguintes:

<i>Ensinanzas de grao elemental</i>	<i>Ensinanzas reguladas polo Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño</i>
1º curso do grao elemental	1º curso do grao elemental
2º curso do grao elemental	2º curso do grao elemental
3º curso do grao elemental	3º curso do grao elemental
4º curso do grao elemental	4º curso do grao elemental

Disposición adicional terceira. *Incorporación do alumnado procedente de plans de estudos anteriores, con materias pendentes.*

1. Cando o alumnado teña non superadas dúas ou máis materias do curso que estea realizando das ensinanzas establecidas no Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño, incorporarse ao mesmo curso das ensinanzas reguladas por este decreto, que deberá realizar completo.
2. Así mesmo, cando o alumnado teña cualificación negativa nunha materia do curso que estea realizando das ensinanzas establecidas no Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño, incorporarse ao curso seguinte das ensinanzas reguladas por este decreto.
3. En relación co punto anterior, a equivalencia das materias do grao elemental dispostas no Decreto 253/1993, do 29 de xullo polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos ditos graos, con distinta denominación ás establecidas no presente decreto son:

<i>Ensinanzas de grao elemental</i>	<i>Ensinanzas reguladas polo Decreto 253/1993, do 29 de xullo</i>
Educación auditiva e vogal 1º	Música activa
Educación auditiva e vogal 2º	Coro 2º
Educación auditiva e vogal 3º	Coro 3º
Educación auditiva e vogal 4º	Audicións comentadas

Disposición adicional cuarta. Creación de novas especialidades.

A relación de especialidades que se inclúe no artigo 4 deste decreto poderá ser ampliada con outras que, en razón do seu grao de interés etnográfico, histórico ou cultural, estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Disposición adicional quinta. Alumnado con discapacidade.

1. No marco das disposicións establecidas na lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir coas disposicións vixentes na materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse a dita Lei nos prazos e cos criterios establecidos na mesma.
2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, as ditas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados no presente decreto.

Disposición adicional sexta. Adscrición da materia de Educación auditiva e vogal.

Consonte ao artigo 4 do Real Decreto 989/2000, do 2 de xuño, polo que se establecen as especialidades do Corpo de Profesores de Música e Artes

Escénicas, se adscriben a elas os profesores do dito Corpo e se determinan as materias que deberán impartir, a materia de Educación auditiva e vogal queda adscrita á especialidade de Linguaxe Musical.

Disposición adicional sétima. *Adecuación de tempos lectivos.*

1. Cando as circunstancias pedagóxicas así o aconsellen e segundo as dispoñibilidades dos centros, a ensinanza instrumental no grao elemental de tódalas especialidades poderá distribuírse en dous períodos lectivos semanais de 30 minutos.
2. Cando as dispoñibilidades do profesorado o permitan, o alumnado de tódalas especialidades recibirá unha clase colectiva de 60 minutos á semana.

Disposición adicional oitava. *Preparación das probas.*

1. Aos efectos de preparar o acceso do alumnado as ensinanzas do grao elemental, e segundo as dispoñibilidades dos centros, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar, aos centros que o soliciten, un curso ou cursiño preparatorio, previo ao grao elemental e coa duración que se determine, que non terá carácter oficial aos efectos de selección, promoción, permanencia e avaliación do alumnado.
2. En relación ao disposto no punto anterior, a eventual superación de dito curso por parte do alumnado non dará dereito a este á continuación dos estudos no grao elemental.

Disposición transitoria única.

Sen perxuízo do establecido na disposición adicional terceira deste decreto, no ano académico 2007-2008 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá unha proba extraordinaria para o alumnado procedente do plan de estudos anterior, cunha materia pendente, sempre que esta sexa a de Música activa, Coro ou Audicións comentadas.

Disposicións derradeiras.

1ª.- Autorízase a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar cantas normas se consideren oportunas para o desenvolvemento deste decreto.

2ª.- Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón.
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

ANEXO I

GRAO ELEMENTAL

Curso	Materia	Tempo Semanal (en minutos)
1º, 2º, 3º e 4º	Instrumento	60
	Linguaxe musical	120
	Educación auditiva e vogal	60 (en dous periodos de 30 minutos)